

# Cultura apoiará as actividades da AELG neste Ano do Libro


O 'Bos e Xenerosos' recoñecerá os concellos que organizan o Blanco Amor de Novela

**Santiago.** Cando áinda ecoa a celebración dos Premios AELG, entregados o pasado sábado 17 de abril en Santiago, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, que preside o poeta e editor coruñés Cesario Sánchez Iglesias, vén de asinar un convenio co conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, para a realización conxunta dun programa de actividades literarias con motivo da celebración do Ano do Libro e da Lectura de Galicia 2010.

En virtude do acordo, a Consellería de Cultura e Turismo entregarán 30.000 euros á AELG para a realización conxunta dos eventos que marcan a actividade anual deste colectivo de escritoras e escritores: galardóns literarios, encontros e homenaxes.

Os Bos e Xenerosos é unha das principais iniciativas ás que se vencella o nome da Asociación de Escritores. Nesta edición de 2010 o premio vai distinguir a rede de concellos que mantéñen vivo o Premio Eduardo Blanco Amor de Novela Longa, un galardón literario que naceu no ano 1981 e que supuxo un antes e un despois no desenvolvemento do xénero narrativo galego.

Canda esta celebración, o convenio apoiará tamén os Premios AELG, uns galardóns concedidos por escritores para escritores, e que van polo camiño de afianzarse como uns dos de máis prestixiosos no panorama



Cesario Sánchez, esquerda, e Roberto Varela. Foto: C.C.

literario galego. A Consellería salientou o "interese cultural" que representan estes galardóns que na súa pasada edición distinguiron autores tan diversos como Cid Cabido, Fernández Paz, Luz Pozo e Manuel Rivas, entre outros.

Outro dos fitos nos que participará a Consellería de Cultura serán os Encontros Galeusca, un foro que expresa a vitalidade creativa das culturas galega, vasca e catalá e que se vén convertendo nun lugar de

A Consellería achaega trinta mil euros para colaborar cos eventos da asociación

**Saliéntase o "interese cultural" dos premios AELG, que acaban de ser publicados**

encontro e diálogo, de coñecemento e reconhecemento entre escritores das tres diferentes culturas. Aseade, como actividades deste tipo organizaranse outras iniciativas como *O Escritor na súa terra*, *Polafías*, e a difusión conxunta de novos roteiros literarios.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, e a Asociación de Escritores en Lingua Galega considera "esencial o establecemento de accións que permitan desenvolver un programa conxunto de actividades literarias". Coas devanditas accións, asegura o departamento da Xunta, "cúmprese o obxectivo fundamental de promocionar a obras galegas, fomentar a intercomunicación na nosa lingua entre os autores e o seu público, mostrar a nosa cultura dentro e fóra de Galicia". **NUNO BESTEIRO**